



## Concello de Oza-Cesuras

---

### EDICTO

**ANUNCIO DE CONTRATACIÓN CON CARÁCTER URXENTE DE PERSOAL LABORAL A TEMPO PARCIAL DE VINTE HORAS Á SEMANA: DOUS/DÚAS MONITORES/AS DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE DURANTE O CITADO PERÍODO DE FUNCIONAMENTO DO CAMPAMENTO DE VERÁN COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XULLO E O 31 DE AGOSTO DE 2017.**

- **Requisitos:**
  - o Maior de 16 anos.
  - o Título mínimo ESO, FP1 ou equivalente.
  - o Posuir título de “MONITOR DE TEMPO LIBRE”
  - o Non figurar inscrito/a na Base de Datos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais do Ministerio de Xustiza.
  
- **Méritos, por orde decrecente:**
  - o **Experiencia profesional nas tarefas sinaladas:** ata un máximo de 7 puntos.
    - En concellos como Oza-Cesuras ou similares: 1 punto por mes.
    - No resto de concellos: 0,50 puntos por mes.
    - Noutras Administracións públicas: 0,25 puntos por mes.
    - No sector privado: 0,10 puntos por mes.
  
  - o **Outras titulacións afíns ou complementarias e cursos relacionados coas funcións específicas:** 1 punto por cada curso ata un máximo de 3 puntos.
  
- No caso de resultar necesario precisar algún dos méritos ou a capacitación alegados poderase convocar aos solicitantes a unha entrevista, mediante citación á conta de correo electrónico e teléfono, que necesariamente deberá facilitarse.
  
- No caso de que non se admitan máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización de proceso selectivo.
  
- **Documentación:**
  - o Instancia na que se inclúan os datos persoais completos, DNI, domicilio, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico, facendo constar que se solicita ser admitido/a para a contratación urxente arriba reseñada e relacionando a documentación que se achega para acreditar os méritos alegados.
  - o Fotocopia compulsada do DNI.
  - o Fotocopia compulsada do título que se esixe como mínimo ou título superior; no caso de non ser expedido, acreditación de ter solicitada a expedición, con validación da entidade bancaria.



## Concello de Oza-Cesuras

---

- o Certificación de inexistencia de información penal na Base de Datos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza.
  - o Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- **Prazo de presentación de solicitudes:**  
Desde o 23 ata o 28 de xuño de 2017, ámbolos dous incluídos.

**O ALCALDE,**

**Asdo.- José Pablo González Cacheiro**